PLAN DE PENSIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

I. Denominación, modalidade e adscrición
II. Ámbito persoal
III. Dereitos e obrigas de partícipes e de persoas beneficiarias
IV. Réxime de contribucións e de prestacións
V. Organización e control
VI. Modificación e liquidación

Decembro de 2020

Este plan de pensións regulaméntase polas presentes especificacións; polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de regulamentación dos plans e fondos de pensións; polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións; e por cantas disposicións de calquera rango que actualmente ou no futuro se poidan aplicar.

CAPÍTULO I. DENOMINACIÓN, MODALIDADE E ADSCRICIÓN

Artigo 1. Denominación

O presente regulamento do plan de pensións denominado Plan de pensións da Universidade de Vigo, do que é promotor a Universidade de Vigo, regulamenta as relacións entre o mencionado plan, o seu promotor, os/as seus partícipes e os seus beneficiarios/as, cuxa condición leva implícita a aceptación de todas as normas nel contidas.

Artigo 2. Modalidade

Este plan de pensións configúrase como unha institución de previsión de carácter voluntario e libre que, por mor dos seus suxeitos constituíntes, se encadra na modalidade de sistema de emprego e, por razón das obrigas estipuladas, na modalidade de plan de contribución definida para todas as continxencias.

Artigo 3. Adscrición a un fondo de pensións

1. O presente plan de pensións integrarase no fondo de pensións Abanca Empleo F. P., inscrito na Dirección Xeral de Seguros co núm. F-0062.
2. As contribucións do promotor e dos/as partícipes integraranse inmediata e obrigatoriamente no mencionado fondo de pensións. As citadas contribucións, xunto cos seus rendementos netos e os incrementos patrimoniais xerados, aboaranse na conta de posición que o plan manteña no fondo. O pagamento das prestacións correspondentes, así como os gastos adicionais orixinados, efectuarase con cargo á devandita conta.

CAPÍTULO II. ÁMBITO PERSOAL

Artigo 4. Suxeitos constituíntes

Son suxeitos constituíntes deste plan de pensións:

a) A Universidade de Vigo, como promotor do plan.
b) Os/As partícipes interesados en cuxo interese se crea o plan.

Artigo 5. Elementos persoais

Son elementos persoais deste plan de pensións:

a) Os suxeitos constituíntes.
b) As persoas beneficiarias.

Artigo 6. Partícipes

Poderá participar no plan de pensións calquera persoa física empregada (persoal laboral ou funcionario), con dous anos de antigüidade, no cadro de persoal do promotor; manifeste a súa vontade de integrarse nel; e teña capacidade de obrigarse nos termos establecidos no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións e disposicións complementarias ou substitutivas, sempre e cando acepten na súa totalidade e sen limitación ningunha de funcionamento deste plan e as do seu correspondente fondo.

Para determinar a antigüidade de dous anos computarase o tempo transcorrido dende o ingreso no cadro de persoal do promotor.

Artigo 7. Partícipes en suspenso

1. As/Os partícipes que cesasen na realización de achegas, tanto directas coma imputadas, pero manteñan os seus dereitos consolidados no plan, independentemente do cesamento ou non da súa relación laboral, adquiren a condición de partícipes en suspenso, mantendo a categoría de elemento persoal do plan de pensións.
2. A suspensión de achegas con cargo ao promotor producirase polos seguintes motivos:
    a) Cesamento definitivo da súa relación de empregado/a do promotor, sen solicitar o traslado dos seus dereitos consolidados a outro plan de pensións.

b) Suspensión temporal ou excedencia da súa relación de empregado/a do promotor, agás nos supostos en que se manteña o dereito a percibir as retribucións ordinarias.

3. Os dereitos consolidados dos/as partícipes en suspenso veranse axustados pola imputación de rendementos correspondentes durante os exercicios do seu mantemento no plan.

Artigo 8. Persoas beneficiarias

Serán beneficiarias do plan as persoas físicas que, sendo ou non partícipes deste, teñan dereito á percepción de prestacións.

Artigo 9. Alta de partícipe no plan

1. As persoas empregadas do promotor que reúnan os requisitos de acceso previstos no artigo sexto poderán causar alta como partícipes en calquera momento, comunicándollelo á Xerencia mediante a subscrición do boletín de adhesión fixado pola comisión de control do plan de pensións.

   A data de efectividade da alta será a do primeiro día do mes seguinte á da entrega do boletín.

2. O/A partícipe poderá solicitar a expedición do certificado acreditativo da súa pertenza e integración ao plan de pensións. Este certificado, que expedirán conxuntamente as entidades xestora e depositaria, non será transferible.
3. A adhesión ao plan pola persoa empregada é totalmente voluntaria.

Artigo 10. Baixa de partícipe no plan

Os/As partícipes causarán baixa no plan:

a) Cando se produza algunha das continxencias previstas no artigo 25 do presente regulamento.
b) Cando remate a relación da persoa empregada co promotor e a/o partícipe solicite a mobilización dos seus dereitos consolidados a outro plan de pensións (partícipes en suspenso).
c) Por terminación do plan, tendo que transferir os seus dereitos consolidados a outro plan de pensións.
d) Cando, nos supostos de enfermidade grave ou desemprego de longa duración regulamentados pola normativa vixente, a totalidade do dereito consolidado se lle faga efectivo ao/á partícipe.

Artigo 11. Alta de persoa beneficiaria no plan

Adquirirán a condición de persoas beneficiarias:

a) Os/As partícipes que exerzan o dereito a percibir a prestación que lles corresponda por algunha das seguintes continxencias:
   - Xubilación
   - Incapacidade, nos seus graos de total e permanente para a profesión habitual, absoluta e permanente para todo traballo ou grande invalidez
   - Dependencia severa ou gran dependencia

b) As persoas físicas que exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez, orfandade ou en favor doutros herdeiros/as por falecemento dun ou dunha partícipe, segundo a última designación de persoas beneficiarias efectuada por este/a.

   Á falta de designación expresa por parte do/a partícipe, serán beneficiarios ou beneficiarias, por orde preferente e excluínte:
   1. O/A cónxuxe non separado legalmente do/a partícipe.
   2. Os fillos ou fillas do/a partícipe por partes iguais.
   3. Os pais e nais do/a partícipe por partes iguais.
   4. Os irmáns e irmás do/a partícipe por partes iguais.
   5. As persoas físicas herdeiras do/a partícipe.
   6. No defecto das anteriores, o dereito consolidado acrecerá a conta de posición do plan.

c) As persoas físicas que, por falecemento dun beneficiario ou beneficiaria, exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez e de orfandade, ou a favor doutros herdeiros/as ou persoas designadas cando o beneficiario/a falecido estivese cobrando unha modalidade de prestación reversible (prestación na que se indica que se falece a/o titular cobrará a persoa designada por este/a).

Artigo 12. Baixa de persoa beneficiaria no plan

As persoas beneficiarias causarán baixa no plan:

1. No caso de falecemento.
2. Por esgotamento dos dereitos económicos recoñecidos á persoa beneficiaria, como consecuencia da percepción íntegra deles en forma de capital, en forma de renda ou pola percepción de aboamentos sucesivos.
3. Por remate do plan.

CAPÍTULO III. DEREITOS E OBRIGAS DO PROMOTOR, PARTÍCIPES E PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 13. Dereitos do promotor

Correspóndenlle ao promotor do plan os seguintes dereitos:

a) Ter a súa representación na comisión de control, nos termos previstos no capítulo v do presente regulamento.
b) Solicitarlles aos/ás partícipes os datos persoais familiares necesarios para determinar as súas contribucións ao plan.
c) Estar informado da evolución financeira e actuarial do plan de pensións.
d) Exercitar os restantes dereitos establecidos nas presentes especificacións e na lexislación vixente.

Artigo 14. Obrigas do promotor

O promotor desembolsaralles as contribucións imputables aos/ás partícipes na forma, prazos e contías previstos de acordo co indicado nestas especificacións.

Así mesmo, deberá facilitarlle á entidade xestora do fondo o actuario/a do plan, quen fará a revisión financeiro-actuarial dos datos que, sobre as persoas empregadas, lles sexan requiridos co obxecto de levar de xeito adecuado a administración do plan, realizar as correspondentes valoracións actuariais e a revisión do plan.

Artigo 15. Dereitos dos e das partícipes

Correspóndenlles ás/aos partícipes do plan os seguintes dereitos:

1. A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, se materialice e se instrumente o seu plan de pensións, de acordo coas presentes especificacións.
2. Que se lle fagan efectivas as achegas da entidade promotora nos termos previstos nestas especificacións.
3. Os seus dereitos consolidados individuais constituídos pola súa parte da cota do fondo de capitalización que teña o plan no fondo de pensións correspondente. Este fondo de capitalización estará en función das achegas e das rendas xeradas polos recursos investidos menos os quebrantos e os gastos que se producisen.

Estes dereitos consolidados só se efectuarán se a/o partícipe así o solicita nos casos de desemprego de longa duración ou enfermidade grave, recollidos na alínea 4 deste artigo.

4. Solicitar do fondo no que estea integrado o seu plan de pensións, por medio da entidade xestora, que se fagan efectivos os seus dereitos consolidados na totalidade ou en parte, con carácter excepcional, nos supostos extraordinarios de liquidez recollidos nas presentes especificacións, de acordo coa lexislación vixente. Terase que acreditar o mantemento da situación para obter cada pagamento seguinte que, de ser o caso, se solicite.
5. Sinalar as persoas beneficiarias no caso de que se produza unha continxencia por falecemento. Tamén poderá cambiar a citada designación mentres sexa partícipe do plan.
6. Estar informados sobre a evolución do plan. A información mínima que se lle facilitará a cada partícipe será:
   a) Con motivo da adhesión, e en todo momento mentres teña a condición de partícipe, disporá dun exemplar das presentes especificacións na sede social da entidade promotora. Entregaráselle unha copia completa destas en calquera momento en que o solicite, como documentación acreditativa dos seus dereitos e obrigas.
   b) Tras a adhesión, porase ao seu dispor un exemplar da declaración dos principios da política de investimento do fondo na sede social da entidade promotora.
   c) Así mesmo, porase a disposición da persoa partícipe un exemplar das presentes especificacións, un documento de información xeral, unha declaración dos principios da política de investimentos, as normas de funcionamento e as contas anuais con informe de xestión do fondo de pensións no que estea integrado o plan, e o regulamento interno de conduta. Poderase acceder a eles a través do repositorio dixital habilitado pola entidade xestora. A citada información poderá facilitarse en papel se así se solicita.
   d) Por mor da adhesión ao plan e se o solicita, un certificado de pertenza ao plan.
   e) Unha certificación anual das achegas directas e imputadas ao/á partícipe realizadas durante o ano, así como unha certificación anual do valor dos seus dereitos consolidados o 31 de decembro de cada ano, que distinguirá a parte correspondente ás achegas realizadas antes do 1 de xaneiro de 2007, se as houbese.

f) Anualmente, enviarase a declaración das prestacións de pensión.

g) Información trimestral sobre a evolución e a situación dos seus dereitos económicos no plan, así como calquera extremo que puidese afectarlles, especialmente as modificacións normativas, os cambios das disposicións do plan, das normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos, e das comisións de xestión e depósito. Esta información poderá facilitarse ben pola remisión directa ao/á partícipe, ben pola súa posta a disposición a través dos medios que a comisión de control considere dabondo.

   Así mesmo, porase a disposición dos/as partícipes, a través da rede de oficinas da entidade xestora, a totalidade dos gastos do fondo na parte que sexa imputable ao plan expresados na porcentaxe sobre a conta de posición.

7. Suspender as achegas voluntarias ou modificar o seu réxime, de acordo co previsto nestas disposicións.
8. Os/As partícipes poderán trasladar a este plan os seus dereitos consolidados noutros plans; aínda que unha vez incorporados a este, só se poderán mobilizar no caso de cesamento da relación laboral co promotor ou de remate do plan.
9. Mobilizar os seus dereitos consolidados coas minoracións que polos gastos que iso orixine, no caso de remate do plan ou por cesamento definitivo da relación laboral co promotor, coa extinción das obrigas de achega directa e imputada para integralo noutro plan de pensións.

   A solicitude de mobilización terá que realizárselle á entidade xestora do fondo onde estea integrado para mobilizar os dereitos consolidados, facilitándolle a esta un escrito dirixido á entidade xestora do fondo de orixe. Nel indicarase o novo plan e o fondo de pensións no que se integra e o importe que se vai mobilizar, e autorízase a nova entidade de destino para que no seu nome lle poida solicitar á entidade de orixe a mobilización dos dereitos consolidados, así como toda a información persoal, financeira e fiscal que sexa precisa para realizalo.

   No caso de mobilización parcial dos dereitos consolidados seleccionaranse os dereitos consolidados ou económicos correspondentes ás achegas con maior antigüidade. No caso de existir achegas anteriores ao 1 de xaneiro de 2007, o cliente/a deberá incluír na solicitude unha indicación referente a se os dereitos consolidados ou económicos que desexa mobilizar corresponden a achegas anteriores ou posteriores á citada data.

A transferencia dos dereitos consolidados do/a partícipe ao novo plan efectuarase nun prazo non superior ao legalmente establecido, dende a recepción pola entidade xestora de toda a documentación anterior.

Artigo 15 bis. Dereitos dos e das potenciais partícipes

As/Os potenciais partícipes terán á súa disposición na entidade promotora o documento de información xeral sobre o plan de pensións, así como as especificacións do plan, as normas de funcionamento do fondo, a declaración de principios da política de investimento do fondo de pensións e o regulamento interno de conduta.

Artigo 16. Obrigas dos e das partícipes

É obriga dos e das partícipes:

a) Comunicarlle á entidade xestora do fondo os datos persoais e familiares requiridos para causar alta no plan e para determinar o cobro das prestacións. Así mesmo, deberá comunicar calquera modificación dos devanditos datos.
b) Representar, a través da comisión de control, os intereses do colectivo de persoas beneficiarias na relación co plan de pensións.

Artigo 17. Dereitos das persoas beneficiarias

Correspóndelles ás persoas beneficiarias do plan os seguintes dereitos:

1. A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, se materialice e se instrumente o seu plan de pensións.
2. Percibir as prestacións que lles correspondan ao producirse as continxencias previstas no plan.
3. Ter a súa representación na comisión de control nos termos previstos nas disposicións legais e no capítulo v das presentes especificacións.
4. Así mesmo, porase a disposición da persoa beneficiaria un exemplar das presentes especificacións, un documento de información xeral, unha declaración dos principios da política de investimentos, as normas de funcionamento e as contas anuais cun informe de xestión do fondo de pensións no que estea integrado o plan, e o regulamento interno de conduta. Poderase acceder a eles a través do repositorio dixital habilitado pola entidade xestora. A devandita información poderá facilitarse en papel se así se solicita.

5. Recibir da entidade xestora unha certificación anual das prestacións cobradas durante o ano e das retencións fiscais practicadas, así como do importe dos seus dereitos económicos remanentes no plan o 31 de decembro. Tamén dispor de información trimestral sobre a evolución e a situación dos seus dereitos económicos no plan, e de calquera extremo que lles puidese afectar, especialmente as modificacións normativas, o cambio das especificacións do plan, das normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimento, e das comisións de xestión e de depósito. Esta información poderá facilitárselle á persoa beneficiaria ben pola súa remisión directa, ben pola súa posta a disposición a través dos medios que a comisión de control do plan estime suficientes. Así mesmo, porase a disposición das persoas beneficiarias a través da rede de oficinas da entidade xestora a totalidade dos gastos do fondo na parte que sexa imputable ao plan expresados na porcentaxe sobre a conta de posición.
6. Unha vez producida e comunicada a continxencia, a persoa beneficiaria do plan de pensións recibirá a información apropiada sobre a prestación e as súas posibles revisións, sobre as opcións de cobro correspondentes, no seu caso, e respecto do grao de garantía e do risco de conta da persoa beneficiaria. No caso de renda asegurada, entregaráselle á persoa beneficiaria o correspondente certificado de seguro emitido pola entidade aseguradora.

Artigo 18. Obrigas das persoas beneficiarias

Son obrigas das persoas beneficiarias:

a) Comunicarlle á entidade xestora do fondo os datos persoais e familiares requiridos para xustificar o dereito á percepción das prestacións e do seu mantemento ao longo do tempo.
b) A persoa beneficiaria do plan de pensións ou a/o seu representante legal terá que comunicar a continxencia acaecida sinalando, de ser o caso, o xeito elixido para o cobro da prestación e presentando a documentación acreditativa que proceda.

O prazo previsto para tal comunicación será de seis meses dende que se produciu a continxencia ou dende o seu recoñecemento polo organismo competente correspondente. No caso de falecemento o prazo contará dende que a persoa beneficiaria ou a/o seu representante legal coñecese da morte do/a causante e da súa designación como persoa beneficiaria, ou dende que puidese acreditar a súa condición pola disposición testamentaria ou outros medios.

CAPÍTULO IV. RÉXIME DE CONTRIBUCIÓNS E DE PRESTACIÓNS

Artigo 19. Sistema de financiamento do plan

1. O sistema financeiro-actuarial que adoptará o presente plan será a «capitalización financeira individual» para a contribución definida de xubilación, falecemento e invalidez.
2. O valor dos dereitos consolidados determínase como a parte da cota do fondo de capitalización, constituído polas contribucións dos/as partícipes e os rendementos netos de gastos que estes/as xeren. Igual definición aplicarase para os dereitos consolidados dos/as partícipes en suspenso.
3. Cando se reporten prestacións en forma de renda que supoña asumir algún tipo de risco, o plan contratará o seguro das citadas prestacións cunha compañía de seguros mediante a correspondente póliza da que será tomador o plan de pensións representado polo presidente/a da comisión de control.

Artigo 20. Achegas ao plan

1. As achegas serán realizadas polo promotor, con carácter obrigatorio, epolos/as partícipes, con carácter voluntario.
2. A achega do promotor terá carácter irrevogable dende o momento da súa devindicación, con independencia do seu desembolso efectivo, e este será esixible pola comisión de control do plan de pensións e por calquera partícipe.
3. O importe global da achega obrigatoria do promotor consistirá nunha achega definida que se devindicará anualmente e será aboada antes do 30 de xuño de cada ano mediante unha transferencia á conta do fondo de pensións.
4. O citado importe distribuirase entre todos os/as partícipes que o 1 de xaneiro e nalgún momento do ano anterior estivesen dados de alta sen ter a condición de suspenso. O importe será individualizado entre todos os/as partícipes anteriores que non se desen de baixa na data de realización efectiva da achega.
5. O promotor comunicaralle a citada individualización á entidade xestora do fondo de pensións ao mesmo tempo que realice a achega.
6. As achegas efectuadas ao plan integraranse necesariamente na conta que o fondo manteña na entidade depositaria na data do seu pagamento.
7. O traspaso de dereitos consolidados doutros plans de pensións non ten o carácter de achega, manterá porén, a súa natureza de dereito consolidado.

8. As achegas voluntarias de cada partícipe consistirán en achegas que libremente fixe esta para complementar o sistema de previsión obrigatorio do plan de pensións. Os dereitos consolidados que se deriven delas manteranse diferenciados, en todo momento, dos xerados polas achegas obrigatorias. Estas achegas poden ser:
   a) Periódicas
      O seu pagamento realizarase por domiciliación bancaria. Para iso cada partícipe comunicaralle á xestora do fondo:
      - O importe, que non poderá ser inferior a 30 euros.
      - A periodicidade con que desexa que se cargue na súa conta a achega. Esta periodicidade pode ser mensual, trimestral, semestral ou anual.
      - O crecemento que desexa que se lle aplique.
      - A conta corrente contra a que virá a achega periódica indicada.
   b) Extraordinarias
      A/O partícipe poderá realizar achegas extraordinarias voluntarias, sen sometemento a unha periodicidade ou a unha contía preestablecida. Para aboalas, o/a partícipe comunicaralle a súa decisión á entidade xestora do fondo de pensións mediante o correspondente boletín; este implica a autorización da domiciliación bancaria e a data designada para o seu pagamento. O importe destas achegas non poderá ser inferior a 30 euros.

Artigo 21. Contía máxima das contribucións

1. Dentro de cada ano natural, a contía máxima das contribucións a plans de pensións non poderá superar o límite máximo legal de contribucións vixente en cada momento, e considerararanse de xeito separado para achegas directas do/a partícipe e para as imputadas polo promotor. Este límite non afecta o traspaso de dereitos consolidados que proveñan doutro plan de pensións.
2. Se a acumulación das contribucións ao plan con outras realizadas pola propia persoa partícipe a outro/a ou outros/as superase o límite máximo legal, o/a partícipe retirará o seu exceso a un plan ou plans contratados mantendo as efectuadas polo promotor a este plan de emprego.
3. A entidade xestora non admitirá contribucións anuais dun mesmo/a partícipe, directas ou imputadas, por un importe superior ao previsto nas alíneas anteriores. Así mesmo, queda autorizada a suspender para cada partícipe, dentro de cada ano natural, o réxime de pagamentos das contribucións periódicas que venzan ou a non tramitar modificacións ou novas

contribucións extraordinarias cando co novo pagamento, xunto coas achegas xa efectuadas no ano natural, se supere o citado límite. Haberá que informar a/o partícipe disto.

Artigo 22. Modificación, suspensión e rehabilitación de contribucións

1. Modificación: as contribucións do promotor ao plan (establecidas de acordo co estipulado no anexo I destas normas) imputables a cada partícipe só poderán modificarse cando así o aprobe a comisión de control por maioría cualificada de ¾ partes dos seus membros, mediante unha comunicación escrita dirixida á entidade xestora con dous meses de aviso previo. A/O partícipe poderá modificar o seu sistema voluntario de contribucións en canto ao importe, periodicidade ou crecemento destes, sen efecto retroactivo.
2. Suspensión: o promotor suspenderá o pagamento das contribucións correspondentes a cada partícipe, establecidas de acordo co indicado no anexo I destas normas, cando cese temporal ou definitivamente a relación de emprego entrambos.
3. Rehabilitación: no caso de suspensión temporal da relación laboral, o promotor volverá efectuar contribucións ao plan por conta do/a partícipe en suspenso cando este/a reinicie a súa relación de emprego co promotor e solicite a súa rehabilitación neste. A partir deste momento, deixará de estar en situación de partícipe en suspenso.

Artigo 23. Falta de pagamento de contribucións

1. No caso de falta de pagamento por parte do promotor das contribucións establecidas de acordo co indicado no anexo I destas especificacións, a entidade xestora do fondo comunicarallo á comisión de control do plan para que realice os trámites oportunos, sen prexuízo dos especificados no punto 1 do artigo 20.
2. No caso de impagamento dunha contribución periódica do/a partícipe, a entidade xestora do fondo volverá cargala na conta deste o mes seguinte. Se novamente resultase non pagada, a entidade xestora estará facultada para suspender o cargo na conta das contribucións voluntarias periódicas e as citadas contribucións.
3. O/A partícipe poderá solicitar restablecer as súas contribucións directas periódicas non pagadas, ao remitirlle á entidade xestora o boletín correspondente.

Artigo 24. Devolución de contribucións

1. A entidade xestora do fondo poderá devolverlle ao/á partícipe parte das contribucións voluntarias xa pagadas, aboándollas na conta respectiva, nos seguintes casos:

   a) Cando as contribucións dun/dunha partícipe ao sistema de plans de pensións supere no ano natural o límite máximo legal.

      O/A partícipe deberá xustificarlle á entidade xestora que superou o citado límite mediante as certificacións emitidas polas entidades xestoras de fondos de pensións nos que se produciron as contribucións a plans do sistema de emprego que no conxunto orixinan a superación do límite.

      As achegas producidas sobre o máximo establecido poderán retirarse antes do 30 de xuño do ano seguinte, sen aplicación da sanción prevista no artigo 36.4 do texto refundido da Lei de plans e fondos de pensións.

      A devolución realizarase polo importe efectivamente achegado por exceso, con cargo ao dereito consolidado do/a partícipe. A rendibilidade imputable ao exceso da achega aumentará o patrimonio do fondo de pensións se fose positiva, e será da conta do/a partícipe se fose negativa.

   b) Por erro no proceso de cobro de contribucións: cando como consecuencia de erros no proceso administrativo de cobro de contribucións ou de modificación ou de suspensión destas, resultasen indebidamente cargadas contribucións nas contas dos/as partícipes, tras a súa solicitude, a entidade xestora tramitará a súa devolución.

      Considerarase derivados dun erro administrativo as achegas que puidesen cargarse na conta do/a partícipe durante o período que medie entre o acaecemento dunha continxencia e a súa comunicación á entidade xestora do fondo no que se atope integrado o plan de pensións, agás por indicación en contra por parte do/a partícipe.

   c) Por traslado de dereitos consolidados a outro plan: cando un/unha partícipe cese definitivamente na súa relación laboral co promotor e solicite o traslado a outro plan, pero ten unha cota periódica ao seu cargo, esta poderá devolverse, sen incluíla no importe do traslado co obxecto de axilizar o proceso de mobilización.

Artigo 25. Continxencias cubertas polo plan

As continxencias cubertas polo presente plan de pensións, que orixinan o pagamento de prestacións, son as seguintes:

1) Xubilación

   Para determinar esta continxencia estarase ao previsto no réxime da Seguridade Social correspondente. Polo tanto, a continxencia de xubilación entenderase efetuada cando a/o partícipe acceda efectivamente a ela no citado réxime, sexa a idade ordinaria, anticipada ou posteriormente.

   Cando unha persoa partícipe non poida acceder á xubilación, a continxencia entenderase que comezará a contar dende a idade de 65 anos no momento no que o/a partícipe non exerza ou cesara a actividade laboral ou profesional, e non se atope cotizando para a continxencia de xubilación para ningún réxime da Seguridade Social.

   A prestación correspondente á xubilación poderase anticipar a partir dos 60 anos no suposto de que o/a partícipe reúna os seguintes requisitos:

   a) Que cesara en toda actividade determinante da alta na Seguridade Social sen prexuízo de que, no seu caso, continúe asimilado á alta nalgún réxime da Seguridade Social.
   b) Que no momento de solicitar a disposición anticipada non reúna aínda os requisitos para obter a prestación de xubilación no réxime da Seguridade Social correspondente.

   Non se anticipará a prestación regulamentado nesta alínea nos supostos nos que non sexa posible o acceso á xubilación aos que se refire o parágrafo anterior.

   Tamén se poderá percibir o anticipo da prestación correspondente á xubilación cando a/o partícipe extinga a súa relación laboral e pase á situación legal de desempregado nos casos recollidos nos artigos 49.1.g), 51, 52 e 57.bis do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

   O persoal empregado en situación de xubilación parcial é partícipe para todos os efectos e pode realizar achegas para a xubilación total.

2) Incapacidade permanente total para a profesión habitual

   Para determinar esta continxencia estarase ao previsto no réxime da Seguridade Social correspondente. Acreditarase mediante a certificación do órgano administrativo a quen no seu caso corresponda decretar ou recoñecer tal situación.

3) Incapacidade absoluta e permanente para todo traballo

Para determinar esta continxencia estarase ao previsto no réxime da Seguridade Social correspondente. Acreditarase mediante a certificación do órgano administrativo a quen no seu caso corresponda decretar ou recoñecer tal situación.

4) Dependencia severa ou gran dependencia
   Dependencia severa ou gran dependencia da persoa partícipe ou persoa beneficiaria regulada na Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

   Esta continxencia acreditarase mediante unha copia da resolución expedida pola administración autonómica correspondente á residencia do/a solicitante.

5) Grande invalidez
   Para determinar esta continxencia estarase ao previsto no réxime da Seguridade Social correspondente. Acreditarase mediante a certificación do órgano administrativo a quen no seu caso corresponda decretar ou recoñecer tal situación.

6) Falecemento
   Entenderase por esta continxencia a morte ou a declaración legal de falecemento do/a partícipe ou da persoa beneficiaria, que poden xerar dereito a prestacións de viuvez, orfandade ou a favor doutros herdeiros/as ou persoas designadas. Este continxencia acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.

Artigo 25 bis. Supostos excepcionais de liquidez

A comisión de control poderá autorizar que as/os partícipes fagan uso dos seus dereitos consolidados nos supostos excepcionais enumerados deseguido. Esta facultade poderaa delegar na entidade xestora.

1. Enfermidade grave. Considérase enfermidade grave sempre que se poida acreditar mediante un certificado médico expedido polos servizos competentes das institucións sanitarias da Seguridade Social ou das entidades concertadas que atendan a/o afectado:

a) Calquera doenza ou lesión que incapacite temporalmente para a ocupación ou a actividade habitual da persoa durante un período continuado mínimo de tres meses, e requira intervención clínica de cirurxía maior nun centro hospitalario ou tratamento.

b) Calquera doenza ou lesión con secuelas permanentes que limiten parcialmente ou impidan totalmente a ocupación ou a actividade habitual

da persoa afectada; ou a que incapacite para realizar calquera ocupación ou actividade, requira ou non, neste caso, a asistencia doutras persoas para as actividades máis esenciais da vida humana.

Os supostos anteriores consideraranse enfermidade grave en tanto non dean lugar á percepción polo/a partícipe dunha prestación por incapacidade permanente en calquera dos seus graos, conforme o réxime de Seguridade Social, e sempre que supoñan para a/o partícipe unha diminución da súa renda dispoñible por aumento de gastos ou por redución dos seus ingresos.

O afectado pola enfermidade grave poderá ser o partícipe, ou ben o seu cónxuxe ou parella de feito legalmente constituida e inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, ou algún dos seus descendentes ou ascendientes daqueles en primeiro grao, ou persoa que, en réxime de tutela ou acollemento conviva co partícipe ou del dependa.

2. Desemprego de longa duración. Considérase que a/o participe se acha en situación de desemprego de longa duración sempre que reúna as condicións establecidas no artigo 9, apartado 3, da Lei de plans e fondos de pensións.

3. Así mesmo, o partícipe poderá dispor anticipadamente do importe dos seus dereitos consolidados correspondente ás achegas realizadas que conten con polo menos dez anos de antigüidade. A percepción dos dereitos consolidados neste suposto será compatible coa realización de achegas a plans de pensións para continxencias susceptibles de acaecer.

Artigo 26. Prestacións do plan

As prestacións previstas polo plan para cada unha das continxencias cubertas por este, determinadas inicialmente en importe no momento de acontecer a continxencia e percibidas calquera das modalidades previstas no artigo 31, serán as seguintes:

a) Para a continxencia de xubilación
   - Prestación de xubilación

b) Para a continxencia de incapacidade total para a profesión habitual
   - Prestación de incapacidade total para a profesión habitual

c) Para a continxencia de incapacidade absoluta e permanente para todo o traballo
   - Prestación de incapacidade absoluta e permanente para todo o traballo

d) Para a continxencia de grande invalidez

- Prestación de grande invalidez

e) Para a continxencia de dependencia severa e gran dependencia
   - Prestación de dependencia

f) Para a continxencia por falecemento
   - Prestación por falecemento

Artigo 27. Prestación de xubilación

O importe desta prestación será igual á parte da cota que ao/á partícipe, na data da súa xubilación, lle corresponda do fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas contribucións definidas indicadas no artigo 20 do presente regulamento mais os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

Artigo 28. Prestación de incapacidade permanente total, absoluta e grande invalidez

O importe desta prestación será igual á parte da cota que ao/á partícipe, na data da súa incapacidade, lle corresponda do fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas contribucións definidas indicadas no artigo 20 do presente regulamento, mais os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

Artigo 28 bis. Prestación de dependencia severa ou gran dependencia

O importe desta prestación será igual á parte da cota que ao/á partícipe, na data da súa liquidación, lle corresponda do fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes especificacións, mais os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo ata a data da liquidación da prestación.

Artigo 29. Prestación por falecemento

1. O importe desta prestación causada pola persoa partícipe será igual á parte da cota que, na data do seu falecemento, lle corresponda do fondo de capitalización constituído para esta prestación coas contribucións definidas indicadas no artigo 20 do presente regulamento, mais os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

2. No caso de falecemento dun beneficiario/a perceptor dunha renda financeira temporal, a prestación satisfeita será o importe do fondo de capitalización pendente de liquidar.
3. No caso de falecemento dun beneficiario/a perceptor dunha renda asegurada reversible, a prestación satisfeita será a indicada no certificado de seguro que asume o risco da prestación.

Artigo 30. Prestacións dos e das partícipes en suspenso

As/Os partícipes en suspenso terán dereito ás prestacións regulamentadas nos artigos 28, 28 bis, 29 e 30.

Artigo 31. Modalidades de pagamento das prestacións

1. As prestacións ás que as persoas beneficiarias teñen dereito, como consecuencia das continxencias indicadas no artigo 26 anterior, poderán ter as seguintes modalidades:
   a) Capital, consistente nunha percepción de pagamento único. O seu importe será igual ao valor dos dereitos consolidados do/a causante no momento do cobro da prestación, mais nos casos que corresponda, as prestacións definidas aseguradas. O pagamento desta prestación poderá ser inmediato ou diferido a un momento posterior. En razón dunha mesma continxencia, unha persoa beneficiaria só poderá obter unha única prestación desta modalidade.

      Se chegado o vencemento, a persoa beneficiaria se opuxera ao cobro do capital, ou non sinalase o medio de pagamento, a entidade xestora depositará o seu importe nunha entidade de crédito a disposición ou por conta da persoa beneficiaria, e entenderase así satisfeita a prestación a cargo do plan.
   b) Renda temporal sen garantía, consistente na percepción de dous ou máis pagamentos sucesivos con periodicidade regular, que incluirán polo menos un pagamento en cada anualidade.

      A persoa beneficiaria fixará:
      - O importe e a periodicidade (mensual, trimestral, semestral ou anual) dos pagamentos
      - A revalorización anual (crecemento acumulativo) da renda, así como a data da primeira revalorización

- A data de inicio de pagamento da renda, podendo diferir o inicio do seu cobro

A duración da renda determinarase en función da rendibilidade real que obteña o plan de pensións e esgotarase cando se consuma o dereito económico da persoa beneficiaria. No caso de falecemento da persoa beneficiaria antes de esgotar o dereito económico, o importe remanente constituirá un novo dereito económico a favor de quen legalmente corresponda. Neste tipo de rendas, o propio beneficiario/a asume o risco da obtención da rendibilidade esperada e o plan non precisa de reservas patrimoniais nin marxe de solvencia.

c) Renda vitalicia ou temporal con garantías de interese e de supervivencia, incluíndo polo menos un pagamento en cada anualidade. Estas rendas necesariamente asegurararanse. Nesta modalidade de cobro, a persoa beneficiaria percibirá unha renda equivalente ao valor dos seus dereitos económicos no plan, de acordo coa tarifa de primas da compañía de seguros para cada tipo de rendas e os gastos repercutibles en concepto de comisións de xestión e de depósito.

   Este tipo de rendas non poden alterar a solicitude do/a partícipe unha vez contratadas. Así mesmo, se se contratan con reversión, supón a imposibilidade de revogación das persoas beneficiarias designadas para a reversión, así como a imposibilidade de mobilizar os dereitos económicos derivados delas.

   Ao atoparse asegurada esta modalidade de rendas por unha entidade aseguradora que asumirá as posibles desviacións de supervivencia ou de interese, o plan non precisará constituír por elas reservas patrimoniais nin marxe de solvencia.

d) Mixtas. É unha combinación dun único pagamento en forma de capital, con rendas de calquera das dúas modalidades anteriores. En calquera caso, só terá a consideración de capital o expresamente solicitado como tal pola persoa beneficiaria no momento de recoñecerse a prestación polo plan.

e) Pagamentos sucesivos sen importe nin periodicidade regular.

2. De todas maneiras, as rendas mencionadas nos anteriores apartados b) e c) calcularanse aplicando o sistema financeiro-actuarial de «capitalización individual».

3. Será a persoa beneficiaria quen decidirá a modalidade da prestación que desexa cobrar no momento da realización da continxencia correspondente,

agás para as persoas beneficiarias de reversións no caso de rendas con garantía, onde está predefinida a modalidade de cobro.

En calquera momento posterior, a persoa beneficiaria poderá modificar a forma de percibir a prestación, sempre que non sexa unha renda con garantía de interese ou de supervivencia.

Artigo 32. Procedemento e recoñecemento do pagamento de prestacións

1. Unha vez producida a continxencia determinante dunha prestación, o/a titular beneficiario poñerao en coñecemento da entidade xestora do fondo no prazo máximo previsto no artigo 18 destas especificacións, co acompañamento da información necesaria e da documentación acreditativa do seu dereito á prestación. Ademais, a persoa beneficiaria comunicará o xeito no que a desexa percibir. Se a entidade promotora recibe esta información deberá facela chegar de xeito inmediato á entidade xestora.
2. A entidade xestora examinará a documentación referida e poderá solicitar cantos datos complementarios estime precisos.
3. A entidade xestora notificaralle ao potencial beneficiario/a o recoñecemento do seu dereito á prestación ou a súa denegación, se é o caso, no prazo máximo previsto en cada momento pola normativa vixente. Igual notificación cursaralle de xeito simultáneo á comisión de control do plan, a quen lle corresponde a supervisar o cumprimento das normas deste.
4. O pagamento dunha prestación en forma de capital ou o primeiro pagamento dunha prestación en forma de renda efectuarase no prazo máximo legal establecido dende a recepción pola entidade xestora de toda a documentación necesaria para acreditar o dereito ao seu cobro.
5. Coa frecuencia que decida a comisión de control do plan, a entidade xestora do fondo poderá solicitar das persoas beneficiarias a documentación precisa para que acrediten que seguen tendo dereito á percibiren as prestacións.

Artigo 33. Documentación acreditativa das continxencias

Xunto coa solicitude de prestación, a persoa beneficiaria terá que acompañar a documentación, que deseguido se relaciona, para cada unha das continxencias previstas neste plan, sen prexuízo de que a entidade xestora poida requirir aqueloutra adicional considerada precisa para acreditar a continxencia:

a) Na continxencia de xubilación: unha fotocopia do NIF e a documentación que acredite esta no sistema público da Seguridade Social.

   Cando non poida acceder á xubilación e teña a idade de 65 anos: a fotocopia do NIF e o certificado da vida laboral. Cando o/a partícipe, calquera que sexa a súa idade, se atope en situación legal de desemprego nos casos recollidos nos artigos 49.1g), 51, 52 e 57 bis do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, achegarase, en todo caso, unha fotocopia do NIF, o certificado da vida laboral que acredite a situación legal de desemprego e o documento acreditativo de estar inscrito no Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) (antigo INEM).

   Adicionalmente, en función do suposto legal de desemprego, deberase achegar:

   1. Certificado da empresa con motivo da extinción do contrato de traballo pola liquidación da empresa, o certificado de baixa da empresa no rexistro mercantil correspondente ou o acordo da súa disolución.

      Certificado de baixa da empresa no rexistro mercantil correspondente ou o acordo de disolución da empresa.

      Certificación do empresario/a, acreditación da súa xubilación, incapacidade ou defunción, no seu caso.
   2. Copia do expediente de regulación de emprego ou calquera outro documento que acredite que se encontra en situación legal de desemprego como consecuencia dun expediente de regulación de emprego.
   3. Certificado da empresa en que se especifique que a causa de despedimento do/a participe é obxectiva.
   4. Resolución do xuíz ou xuíza do concurso da empresa en que se especifique que a/o partícipe foi incluído no despido colectivo.

b) Na continxencia de morte do/a partícipe ou do beneficiario/a: certificado de defunción, certificado da derradeira vontade, boletín onde consten as persoas beneficiarias designadas e documento acreditativo da súa personalidade. No defecto de designación expresa de persoas beneficiarias terase que engadir a documentación acreditativa da súa condición consonte a orde de prelación establecida por este regulamento.

c) Na continxencia de incapacidade laboral en calquera dos seus graos: copia da súa declaración expedida pola administración competente ou, no seu caso, sentencia da orde xurisdicional social.

CAPÍTULO V. ORGANIZACIÓN E CONTROL

Artigo 34. A comisión de control do plan

1. O funcionamento e a execución do plan de pensións serán supervisados por unha comisión de control, formada por representantes do promotor e das persoas partícipes, de xeito que se garanta a presenza de todos os intereses, cunha representación paritaria.

   As/Os representantes dos/as partícipes representarán os beneficiarios/as do plan.

2. A comisión de control estará composta por dez membros, de acordo co seguinte repartición:
   - Polo promotor (cinco membros): reitor/a da universidade ou persoa en quen delegue, xerente/a e tres membros nomeados polo reitor/a da universidade.
   - Polos/as partícipes (cinco membros).

   A excepción do suposto recollido no artigo 36.5 das presentes especificacións, que quedará composta por doce membros, un membro máis por parte do promotor e outro por parte dos/as partícipes en suspenso e dos beneficiarios/as.

   Dende o momento da formación inicial da primeira comisión de control, produciranse renovacións cada catro anos, polo que para os/as representantes que sexan elixidos en substitución doutro que cause baixa antes de rematar o seu mandado, a duración do seu período inicial corresponderase co tempo que falta para a seguinte renovación prevista.

3. O cargo de membro da comisión de control non terá percepción económica.

4. Artigo 35. Funcións da comisión de control

A comisión de control do plan terá as seguintes funcións:

a) Supervisar o cumprimento das cláusulas do plan en todo o que se refire aos dereitos dos/as partícipes e das persoas beneficiarias.
b) Seleccionar o actuario/a que deba certificar a situación e a dinámica do plan, así como as/os profesionais independentes requiridos pola normativa vixente para elaborar as revisións financeiro-actuariais del.
c) Nomear as/os representantes da comisión de control do plan na comisión de control do fondo de pensións ao que estea adscrito. O número de membros que representarán ao fondo de pensións da Universidade de Vigo na citada comisión dependerá do que determine o fondo de pensións Abanca Empleo F. P., e en ningún caso será inferior a dous.
d) Propoñer as modificacións que estime pertinentes sobre contribucións, prestacións e outras variables, derivadas das revisións actuariais requiridas pola presente normativa. Deberá seguirse o procedemento establecido nas especificacións do propio plan.
e) Supervisar a adecuación do saldo da conta de posición do plan, no seu respectivo fondo de pensións, aos requirimentos do seu réxime financeiro.
f) Representar xudicial e extraxudicialmente os intereses dos/as partícipes e beneficiarios/as do plan ante a entidade xestora do fondo de pensións.
g) Propoñer e, de ser o caso, decidir nas demais cuestións sobre as que a lexislación vixente lle atribúa competencias.

Artigo 36. Elección dos membros da comisión de control

1. Os/As representantes do promotor serán designados directamente por este, podendo ser removidos en calquera momento mediante a oportuna comunicación á comisión de control.
2. As/Os representantes dos/as partícipes e dos beneficiarios/as serán designados de entre os/as partícipes polo sindicatos representados na xunta de persoal docente e investigador, na xunta de persoal funcionario de administración e servizos, e comités de empresa do persoal laboral en proporción aos resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación do persoal inmediatamente anteriores ou por acordo dos representantes do persoal traballador na universidade. Poderán ser removidos en calquera momento por acordo maioritario dos citados/as representantes.
3. Tras recibir a comunicación da designación de representantes na comisión de control, no prazo máximo de dez días substituiranse os membros representantes obxecto de renovación polos novos membros elixidos.

4. Se se trata da primeira elección, a comisión promotora disolveraa e, cos membros representantes elixidos, constituirase a primeira comisión de control.

   Sen prexuízo do previsto nos parágrafos anteriores respecto do sistema de designación directa de membros da comisión de control, cando o número de partícipes que cesasen a relación laboral co promotor e de beneficiarios/as supere o 20% do colectivo total do plan, deberá designarse polo menos un membro da comisión de control que pertenza a eles/as.

   Cando o número de partícipes que cesasen a relación laboral co promotor e de beneficiarios/as supere o 20% do colectivo total do plan, deberá efectuarse un proceso electoral se así o solicitan polo menos un terzo deles/as.

   Se se dese a circunstancia anterior e un terzo dos/as partícipes non empregados o soliciten, a comisión de control incorporará a regulación do proceso electoral como anexo ás especificacións nun prazo non superior a dous meses.

Artigo 37. Duración do cargo de membro da comisión de control

A duración do cargo electo de membro da comisión de control será de catro anos e poderá ser reelixido.

Artigo 38. Funcionamento da comisión de control

1. O presidente será o reitor/a ou persoa en quen delegue de conformidade co artigo 34.2, a quen lle corresponderá convocar as súas sesións, dirixir as deliberacións e asumir a súa representación. O voto do presidente/a será de calidade no caso de empates.
2. Así mesmo, designará un secretario/a que redactará a acta das sesións e levará os libros de actas.
3. As reunións da comisión de control poderanse realizar por videoconferencia.
4. A comisión de control quedará validamente constituída cando, debidamente convocada, estean presentes polo menos a metade máis un dos seus membros. A representación dun membro nesta só poderá ser delegada noutro membro dela.
5. Os acordos da comisión de control adoptaranse por maioría simple.
6. A comisión de control reunirase polo menos unha vez cada ano e cando así o solicite como mínimo o 25 % dos seus membros.

CAPÍTULO VI. MODIFICACIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 39. Modificación do plan de pensións

1. A modificación do presente regulamento do plan de pensións poderá realizarse a instancias de, polo menos, o 25 % dos membros da súa comisión de control.
2. A proposta de modificación requirirá:
   a) Ditame previo favorable dun actuario, cando se altere ou modifique o réxime financeiro actuarial do plan.
   b) Voto favorable de polo menos as ¾ partes dos membros da comisión de control.

Artigo 40. Terminación do plan de pensións

1. Serán causas para rematar, e posterior liquidación, do presente plan de pensións:
   a) O acordo de liquidación do plan tomado por polo menos o 75 % dos membros da comisión de control.
   b) Calquera causa legalmente establecida.
2. En todo caso serán requisitos previos para terminar o plan a garantía individualizada das prestacións causadas e a integración dos dereitos consolidados dos/as partícipes noutro plan de pensións.

Artigo 41. Normas para liquidar o plan de pensións

Tras decidir terminar o plan de pensións, a liquidación definitiva realizarase de acordo coas seguintes normas:

a) A comisión de control do plan comunicaralles a súa terminación a todos os/as partícipes e beneficiarios/as cunha antelación de tres meses.
b) Durante o citado período de tres meses, os/as partícipes deberán comunicarlle á comisión de control a que plans desexan trasladar os seus dereitos consolidados.
c) Durante ese tempo, as persoas beneficiarias deberán comunicarlle á comisión de control se:
   1. Desexan cobrar en forma de capital o importe total do seu dereito consolidado.

2. Desexan trasladar o citado dereito consolidado a outro plan de pensións que lles garanta individualmente o cobro das súas prestacións xa causadas. Neste caso, deberán indicar a que plan hai que trasladar os devanditos dereitos.

d) Se chegada a data de terminación do plan, algún/algunha partícipe ou beneficiario/a non lle comunicase á comisión de control o indicado nas alíneas b) e c), trasladaranse os seus dereitos consolidados a outro plan de pensións seleccionado pola comisión de control.

e) Unha vez trasladados os dereitos de todos os/as partícipes e beneficiarios/as, a comisión de control do plan comunicaralle á entidade xestora do fondo o que estaba adscrito á terminación definitiva do plan.

f) Finalmente, a comisión de control do plan disolverao.

Disposición adicional primeira

Correspóndelle á comisión de control a titoría e a protección dos dereitos dos/as partícipes e dos beneficiarios/as dos plans de pensións, tendo que coidar que estes sexan respectados pola promotora do plan, así como pola xestora e a depositaria do fondo de pensións, e actuar de conformidade cos principios de boa fe, equidade e confianza recíproca.

Os/As partícipes e os beneficiarios/as de plans de pensións poden dirixir as súas reclamacións á comisión de control cando estimen que na actuación das entidades promotora, aseguradora, xestora ou depositaria sufrisen un tratamento neglixente, incorrecto ou non axustado a dereito.

As reclamacións presentaranse por escrito, debidamente asinadas polo/a reclamante ou a/o seu representante legal. Nas reclamacións cómpre que se faga constar o nome, apelidos, número do DNI ou, no seu defecto, os datos do documento que acredite de forma fidedigna a personalidade do/a reclamante, así como o seu domicilio e o nome do plan de pensións do que é partícipe a persoa beneficiaria.

A entidade xestora poñerá a disposición dos/as participes e dos beneficiarios/as un servizo de atención á clientela. Os datos para contactar con este servizo comunicaránselles á comisión de control e a todos os/as partícipes e os beneficiarios/as do plan. A comisión de control velará porque, en todos os medios de comunicación do promotor, se comunique os datos de contacto co servizo de atención á clientela, así como a forma de contactar coa propia comisión para calquera reclamación ou suxestión.

Disposición transitoria

Se a comisión de control do plan decidise mover a conta de posición do plan a outro fondo, estarase ao disposto no artigo correspondente das normas de funcionamento ao que se atopa actualmente adscrito o fondo de pensións Abanca Empleo F. P.

ANEXO AO PLAN DE PENSIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Correspóndelle á comisión de control tutelar e protexer os dereitos dos/as partícipes e dos beneficiarios/as dos plans de pensións, debendo coidar que tales dereitos sexan respectados pola promotora do plan, así como a xestora e a depositaria do fondo de pensións, e actuar de conformidade cos principios de boa fe, equidade e confianza recíproca.

Os/As partícipes e os beneficiarios/as dos plans de pensións poden dirixirlle as súas reclamacións á comisión de control, cando estimen que a actuación das entidades promotora, aseguradora, xestora ou depositaria sufrisen un tratamento neglixente, incorrecto ou non axustado a dereito.

As reclamacións presentaranse por escrito e irán asinadas polo/a reclamante ou pola/o seu representante legal. Nas reclamacións farase constar o nome, apelidos, número do DNI ou, no seu defecto, os datos do documento que acredite de forma fidedigna a personalidade do/a reclamante, así como o seu domicilio e o nome do plan de pensións do que é partícipe ou beneficiario/a.

Así mesmo, a entidade xestora pon a disposición o seu servizo de atención á clientela na avenida da Mariña, núm. 1, 3.º, 15001 A Coruña; enderezo electrónico: sacvidaypensiones@abancaseguros.com.

O devandito servizo atenderá e resolverá conforme a normativa vixente, no prazo máximo dun mes contado dende a súa presentación, as queixas e as reclamacións expostas directamente ou mediante a representación acreditada por todos os/as partícipes ou beneficiarios/as do plan de pensións, cando se refiran a intereses e a dereitos legalmente recoñecidos e relacionados co desenvolvemento do plan; xa deriven destas especificacións, da normativa reguladora dos plans e dos fondos de pensións, da normativa de transparencia e de protección da clientela ou das boas prácticas e usos, en particular do principio de equidade.

As queixas e as reclamacións presentaranse por escrito en calquera das oficinas da entidade, por correo ou por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos, sempre que estes permitan a súa lectura, impresión e conservación, e respondan aos requisitos e ás características legais, establecidas no Regulamento do servizo de atención ao cliente de Abanca Vida.

Unha vez obtida a resolución e esgotada a vía de reclamación ante o Servizo de Atención ao Cliente, no caso de manter a súa desconformidade co resultado do pronunciamento ou despois de transcorrer un mes dende a data de recepción sen que o devandito servizo resolvese, poderá o/a reclamante presentar a súa reclamación ante o Servizo de Reclamacións da Dirección Xeral de Seguros e Plans de Pensións no Paseo de la Castellana, núm. 44, 28046 Madrid, ou na web dgsfp.mineco.es/reclamaciones, cuxas decisións, con todo, non son vinculantes. Igualmente, poderá sometelas aos servizos de mediación ou de arbitraxe e aos xulgados e aos tribunais competentes.

Nas oficinas de Abanca S. A. abertas ao público e na súa páxina web, a súa clientela, persoas usuarias ou prexudicadas, atoparán á súa disposición un modelo de impreso de reclamación, así como o Regulamento para a defensa do cliente correspondente, que estipula a actividade e o funcionamento do Servizo de Atención ao Cliente e as características e os requisitos de presentación e de resolución de queixas e reclamacións.

Nas resolucións teranse en conta as obrigas e os dereitos establecidos na normativa reguladora dos plans e dos fondos de pensións, e a normativa de transparencia e de protección da clientela de servizos financeiros (Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións, Lei de reforma do sistema financeiro, Lei de institucións de investimento colectivo, Real decreto 303/2004 de 20-2 e Orde ECO 734/2004 de 11-3, Lei e Regulamento para a defensa de consumidores e usuarios, Lei de condicións xerais da contratación e todas as disposicións que no futuro as modifiquen ou substitúan).

Así mesmo, poderá acudir aos servizos de mediación ou de arbitraxe, en calquera momento, sen necesidade dunha reclamación previa ante o Servizo de Atención ao Cliente e o Defensor do Cliente, e aos tribunais ordinarios de xustiza.

PROTECCIÓN DE DATOS

1. Quen é o responsable do tratamento dos datos persoais da persoa interesada?

O responsable do tratamento é Abanca Vida y Pensiones de Seguros y Reaseguros, S. A. U., con domicilio na avenida da Mariña, núm. 1, 3.º, 15001 A Coruña e CIF A-15040387 (en adiante, Abanca Vida y Pensiones).

Abanca Vida y Pensiones conta cun delegado de protección de datos persoais, formalmente designado, e ademais ten habilitada a seguinte canle de comunicación con el: privacidad@abanca.com.

2. Como obtemos os datos persoais da persoa interesada?

Para responder esta pregunta débense distinguir entre os fondos dos que proceden os datos persoais da persoa interesada e a tipoloxía dos datos persoais tratados por Abanca Vida y Pensiones.

a) Fontes das que proceden os datos persoais

- A persoa interesada poderá achegar nas solicitudes que faga a Abanca Vida y Pensiones, ou no ámbito da formalización e do desenvolvemento das relacións contractuais con Abanca Vida y Pensiones, diversos datos de carácter persoal (p. ex., a persoa interesada achegará determinados datos identificativos para solicitar ou contratar o plan de pensións).
- A propia xestión, desenvolvemento e mantemento das relacións contractuais ou precontractuais que a persoa interesada conveña con Abanca Vida y Pensiones (p. ex., xéranse datos relativos á persoa interesada con motivo da xestión e do desenvolvemento do plan de pensións que subscribise).

b) Tipoloxía de datos persoais

- Datos identificativos e de contacto (p. ex., nome, apelidos, documento de identidade, enderezo postal e electrónico, teléfono, datos de terceiros tales como persoas beneficiarias etc.).
- Datos especialmente protexidos (p. ex., determinados datos de saúde para tramitar prestacións).

Por último, a persoa interesada debe saber que, no caso de que utilice o sistema de sinatura dixitalizada para prestar o seu consentimento no ámbito das solicitudes que presente a Abanca Vida y Pensiones ou dos contratos que

formalizara ou formalice con ela, Abanca Vida y Pensiones levará a cabo o tratamento dos datos biométricos asociados á citada sinatura.

Os datos biométricos asociados á sinatura dixitalizada son categorías especiais de datos que comprenden, por exemplo, os trazos caligráficos da sinatura, como a presión e a velocidade cos que se realiza, así como a inclinación do trazo. O tratamento dos citados datos biométricos por parte de Abanca Vida y Pensiones resulta necesario para, segundo proceda, a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións que se puidesen formular con motivo das relacións que a persoa interesada manteña con Abanca Vida y Pensiones.

3. Con que finalidade tratamos os datos persoais da persoa interesada?

En Abanca Vida y Pensiones tratamos os datos persoais da persoa interesada para alcanzar as **finalidades** que se detallan a continuación:

- Cumprir con todas as obrigas legais e normas de dereito comunitario que afectan a Abanca Vida y Pensiones.
- Tramitar e xestionar as solicitudes realizadas pola persoa interesada en relación con produtos e servizos ofrecidos por Abanca Vida y Pensiones, así como para manter, desenvolver e controlar as correspondentes relacións contractuais existentes entre as partes.
- Para, segundo proceda, a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións que se puidesen formular con motivo das relacións que a persoa interesada manteña con Abanca Vida y Pensiones.

4. Cal é a lexitimación de Abanca Vida y Pensiones para o tratamento dos datos da persoa interesada?

A base legal do tratamento dos datos persoais da persoa interesada atópase no desenvolvemento e na execución das relacións contractuais e precontractuais establecidas entre Abanca Vida y Pensiones e a persoa interesada, así como no cumprimento de obrigas legais aplicables a Abanca Vida y Pensiones.

Así mesmo, tamén existe como base legal do tratamento dos datos persoais da persoa interesada o interese lexítimo de Abanca Vida y Pensiones para a seguinte finalidade:

* O tratamento dos datos de saúde da persoa interesada fundaméntase no consentimento expreso que a persoa interesada presta a través da sinatura e da aceptación do presente documento para tramitar prestacións do plan de pensións.

5. A que persoas destinatarias se lles comunicarán os datos persoais da persoa interesada?

Os datos persoais tratados por Abanca Vida y Pensiones para alcanzar as finalidades detalladas anteriormente poderán comunicárselles ás seguintes persoas destinatarias en función da base lexitimadora da comunicación.

En virtude do anterior, as seguintes comunicacións de datos perseguen garantir o correcto desenvolvemento, mantemento e control das relacións contractuais establecidas entre Abanca Vida y Pensiones e a persoa interesada ou a xestión e a tramitación das solicitudes deste último en relación con produtos, servizos ou operacións, así como cumprir coas obrigas legais que esixen realizar as mencionadas comunicacións:

- Á comercializadora do plan de pensións: Abanca Corporación Bancaria, S. A., para cumprir as obrigas que lle corresponden a esta última segundo o disposto na normativa sobre plans e fondos de pensións.
- No seu caso, a outras entidades que actúen na citada condición de comercializadoras do Plan de pensións para cumprir as obrigas que lles corresponden segundo o disposto na normativa sobre plans e fondos de pensións.
- A ficheiros comúns do sector para elaborar estudos técnicos e estatístico-actuariais.
- A auditores/as de contas do fondo de pensións e ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.
- Ao ficheiro relativo ao cumprimento da Lei de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.
- A ficheiros comúns de solvencia relativos a cumprir e a incumprir obrigas relativas ao diñeiro. No caso de non se producir o pagamento nos termos previstos nos contratos que a persoa interesada formalice con Abanca Vida y Pensiones e de se cumprir os requisitos establecidos na normativa sobre protección de datos, os datos relativos ao non pagamento poderán comunicarse a ficheiros comúns de solvencia relativos ao cumprimento ou incumprimento de obrigas relativas ao diñeiro.
- A organismos e a administracións públicas.
- Á entidade depositaria.

6. Por canto tempo conservaremos os datos da persoa interesada?

Os datos persoais conservaranse durante a vixencia da relación contractual entre Abanca Vida y Pensiones e a persoa interesada e, unha vez finalizada a

citada relación, bloquearanse durante os prazos de conservación que a normativa vixente estableza.

7. Cales son os dereitos da persoa interesada en relación co tratamento que facemos dos seus datos persoais?

Na medida no que estean recoñecidos na normativa de protección de datos aplicable en cada momento, a persoa interesada poderá exercer os seguintes dereitos en relación co tratamento dos seus datos:

- Dereito de acceso. Coñecer que tipo de datos estamos tratando e as características do tratamento que estamos levando a cabo.
- Dereito de rectificación. Poder solicitar a modificación dos seus datos por ser estes inexactos ou non veraces.
- Dereito de portabilidade. Poder obter unha copia nun formato interoperable dos datos que estean sendo tratados.
- Dereito á limitación do tratamento nos casos recollidos na lei.
- Dereito a opoñerse á toma de decisións automatizadas.
- Dereito de supresión. Solicitar a supresión dos seus datos cando o tratamento xa non resulte necesario.
- Dereito de oposición. Solicitar o cesamento no envío de comunicacións comerciais nos termos antes sinalados.
- Dereito a revogar o consentimento prestado.
- Dereito a interpoñer unha reclamación fronte á autoridade de control (en España, a Axencia Española de Protección de Datos).

Para exercer calquera destes dereitos, a persoa interesada poderá dirixirse a Abanca Vida y Pensiones a través dalgunha das seguintes canles:

Enderezo postal: avenida da Mariña, núm. 1, 3.º, 15001 A Coruña.
Enderezo electrónico: sacvidaypensiones@abancaseguros.com

O/A partícipe declara ter recibido a información previa contida no artigo 48.1, así como a información prevista no artigo 101 do Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións.